A empresa Aquagest S.A. cambiou a súa denominación por Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U. segundo consta na documentación presentada neste Concello. A citada empresa presentou o listado do padrón actualizado a 31 de decembro de 2019 dos usuarios deses servizos, con número de rexistro de entrada 202099900000623 do 24 de marzo de 2020, todo isto en cumprimento das cláusulas 21ª e 27ª do prego de cláusulas económico-administrativas da citada concesión.

Con data 13 de marzo de 2002, no DOG núm. 50 bis, publicouse a Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Con data 14.03.2020, publicouse no BOE núm. 67, o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID -19; a súa modificación operada polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo (BOE núm. 73 do 18 de marzo), a súa primeira prórroga, aprobada polo Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo (BOE núm. 86 do 28 de marzo de 2020); e a súa segunda prórroga, aprobada polo Real Decreto 487/2020, de 10 de abril (BOE núm. 101 do 11.04.2020)

Con data 29 de marzo de 2020, no núm. 87, publicouse o Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, coa fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19,

cuxo Anexo I recolle expresamente as actividades e servizos esenciais entre os que se atopa o de abastecemento, depuración, conducción, potabilización e saneamento de auga.

Considerando que estamos diante dun servizo esencial que se está a prestar e que debe, ademais, nestes momentos estar garantido para toda a veciñanza; considerando que neste suposto non está afectado pola suspensión dos prazos nos procedementos en materia tributaria regulados no artigo 33 do Real decreto-Lei 8/2020.

Considerando que aínda o regulado no artigo 10.3 da Ordenanza fiscal n.º 13 da taxa pola subministración auga potable, acometida á rede xeral de abastecemento e saneamento, e prestación do servizo de saneamento e de depuración de augas residuais (BOP núm. 88 do 10.05.2016), de que o padrón de aboados, aprobarase anualmente polo Pleno; considerando que debido ás limitacións sobre mobilidade impostas polo Estado de alarma resulta imposible a celebración dunha sesión plenaria, que aínda que agora se autoricen de xeito telemático, ao modificar o artigo 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, esixe dispor dun sistema que garanta axeitadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación de todos os seus membros, a validez do debate, a validez da votación e a publicidade da sesión, aspectos estes que non podemos polo de agora acreditar; e considerando que o artigo 21.1. m) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, permite a esta alcaldía adoptar, persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, no caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas necesarias e axeitadas, dando conta inmediata ao Pleno na primeira sesión que celebre; dacordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar inicialmente o listado do padrón actualizado a 31 de decembro de 2019 dos usuarios do servizo de subministración de auga potable, de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, con número de rexistro de entrada neste concello 202099900000623 do 24 de marzo de 2020 e que comenza con IMPORMACO S.L. e remata con Zitacuaro 2000 SL., ámbolos dous inclusive.

Segundo: Que se expoña ao público no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica municipal (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/>) e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan formular as reclamacións pertinentes. Faise constar que no caso de que non se presenten reclamacións entenderase aprobado definitivamente.

Terceiro: Dar conta deste Decreto ao Pleno desta corporación na primeira sesión que celebre.

En Bergondo, xoves 16 de abril de 2020. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos”

O Pleno queda enterado

5. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 314/2020, DO 12 DE MARZO, SOBRE APROBACIÓN DOS PROXECTOS MODIFICADOS DE “REFORMA DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO LUGAR DE RAXÁS, BERGONDO” E DE “REFORMA DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO LUGAR DE OBRA DE PAÑO, BERGONDO”, INCLUÍDOS NO POS + 2020

Dáse conta da Resolución ditada pola alcaldía presidencia, núm. 314/2020, do 12-03-2020, adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

APROBACIÓN DOS PROXECTOS MODIFICADOS DE “REFORMA DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO LUGAR DE RAXÁS, BERGONDO” E DE “REFORMA DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO LUGAR DE OBRA DE PAÑO, BERGONDO”, INCLUÍDOS NO POS + 2020.

EXPEDIENTE: 2019/A008/000041

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2020, de outubro de 2020, e as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm. 208, do 31.10.2020.

Visto o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Bergondo, en sesión ordinaria do 18 de decembro de 2018, polo que se acorda a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2020 da Deputación Provincial da Coruña e se aproban, entre outros, os proxectos das obras de Reforma de instalación de iluminación pública no lugar de Raxás, Bergondo e de Reforma de instalación de iluminación pública no lugar de Obra de Paño, Bergondo, incluídos neste plan.

Tendo en conta os requirimentos da Deputación Provincial, efectuados a través da plataforma subtel o 29 de xaneiro de 2020, para que corrigan os proxectos mencionados de conformidade co establecido nos informes emitidos pola oficina de supervisión técnica desa entidade.

Visto que os proxectos foron emendados para dar cumprimento aos requirimentos provinciais e, así mesmo, considerando os informes do arquitecto municipal, con data 9 de marzo de 2020, respecto a cada un dos dous proxectos modificados, polos que se ratifica no contido dos informes relativos aos proxectos orixinarios.

De conformidade co disposto pola Deputación Provincial nos requirimentos do 29 de xaneiro de 2020, polo que se establece que a aprobación dos proxectos poderá realizarse por decreto de Alcaldía cando se trate de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Reforma de instalación de iluminación pública no lugar de Raxás, Bergondo, incluído no POS + 2020, por importe de 61.272,65 euros, ive incluído, redactado por Alberto Castro Martínez, enxeñeiro industrial, colexiado núm. 1207, coas modificacións introducidas no proxecto orixinario de conformidade co requirimento da Deputación Provincial do 29 de xaneiro de 2020.

SEGUNDO. Aprobar o proxecto de Reforma de instalación de iluminación pública no lugar de Obra de Paño, Bergondo, incluído no POS + 2020, por importe de 66.923,70 euros, ive incluído, redactado por Alberto Castro Martínez, enxeñeiro industrial, colexiado núm. 1207, coas modificacións introducidas no proxecto orixinario de conformidade co requirimento da Deputación Provincial do 29 de xaneiro de 2020.

TERCEIRO. Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.

CUARTO. Dado que os proxectos orixinarios de Reforma de instalación de iluminación pública no lugar de Raxás, Bergondo e Reforma de instalación de iluminación pública no lugar de Obra de Paño, Bergondo aprobáronse polo pleno do concello, en sesión extraordinaria urxente de 18 de decembro de 2019, dar conta a este órgano municipal da presente Resolución, pola que se aproban os proxectos referidos na mesma, coas modificacións esixidas nos requirimentos provinciais do 29 de xaneiro de 2020.

En Bergondo, mércores 11 de marzo de 2020. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María cacharrón Castelos”

O Pleno queda enterado.

6. DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DO TSXG RECAÍDA EN APELACIÓN NO RECURSO 7112/2019, SOBRE RECOÑCIMENTO DO DESEQUILIBRIO ECONÓMICO NA CONCESION DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS, SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Dáse conta da sentenza núm. 327/2019, de 4 de decembro, recaída no recurso de apelación núm. 7112/2019, PO 255/2017, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se falla: "... *Que debemos desestimar y desestimamos la apelación interpuesta por VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU contra Sentencia desestimatoria de 6-6-19 dictada por el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo num. 3 de A Coruña en el PO 255/2017, contra acuerdo del Ayuntamiento de Bergondo de 9-10-17, sobre denegación de petición de reconocimiento de desequilibrio económico en contrato de gestión de servicio público, entrada en funcionamiento de instalaciones depuradoras. Sin hacer especial imposición de costas de la apelación.*

Notifíquese a las partes haciéndole saber que la misma no es firme, y que contra ella, se podrá interponer recurso de casación establecido en el art. 86 y ss de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso- Administrativa, en su nueva modificación operada por la L.O. 7/2015, de 21 de julio por la que se modifica la L.O. 6/1985, de 1 de julio, por las personas y entidades a que se refiere el art. 89.1 de la Ley 29/1998, con observancia de los requisitos y dentro del plazo que en él se señala..."

O Pleno do Concello queda enterado.

7. DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DO TSXG RECAÍDA EN APELACIÓN NO RECURSO 7150/2019, SOBRE ABONO DE FACTURAS IMPAGADAS POLA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SEVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS, SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Dáse conta da sentenza núm. 337/2019, de 18 de decembro, recaída no recurso de apelación núm. 7150/2019, PO 204/2018, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se falla: "...*Por todo lo expuesto, en nombre del Rey, por la autoridad que le confiere la Constitución, esta sala ha decidido.*

Desestimar el recurso de apelación interpuesto por el Ayuntamiento de Bergondo contra la sentencia de 5 de septiembre de 2019 dictada por el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo N° 3 de La Coruña en el procedimiento ordinario 204/2018.

No imponer las costas..."

O Pleno do Concello queda enterado.

8. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2019 E 1º TRIMESTRE DE 2020

Dáse conta aos/ás asistentes dos informes sinalados neste punto da orde do día, e que foron remitidos aos sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

9. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE, -3º e 4º TRIMESTRE DE 2019 E 1º TRIMESTRE DE 2020-

Dáse conta aos/ás asistentes dos informes sinalados neste punto da Orde do día, e que foron remitidos aos sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

10. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2019. EXPEDIENTE 2020/X999/000062

Seguidamente dáse conta ós asistentes do expediente relativo á liquidación do Orzamento municipal correspondente ó exercicio 2019 no que se inclúe, entre outros, o Decreto de Alcaldía núm. nº 242/2020, do 27 de febreiro, polo que se aprobou a referida liquidación, e que transcrito literalmente di:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña), dicta a seguinte

ASUNTO: APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2019

EXPEDIENTE: 2020/G003/000269

En virtude do establecido no artigo 191 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elaboración da liquidación do orzamento municipal do ano 2019, previo informe da Intervención municipal, polo que, sendo competencia desta Alcaldía a súa aprobación, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Liquidación de gastos e ingresos do orzamento deste Concello correspondente ó exercicio de 2019, e que mostra o seguinte resumo:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO EJERCICIO 2019.

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.- Operacións correntes	6.658.180,42	5.247.336,56		1.410.843,86
b.- Operacións de capital	488.539,01	1.710.169,27		-1.221.630,26
1. Total operacións non financeiras (a+b)	7.146.719,43	6.957.505,83		189.213,60
c) Activos financeiros	7.593,60	9.394,59		-1.800,99
d) Pasivos financeiros	0	0		0
2. Total operacións financeiras (c+d)	7.593,60	9.394,59		-1.800,99
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EJERCICIO (I=1+2)	7.154.313,03	6.966.900,42		187.412,61
AXUSTES				
3. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			1.585.871,48	
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio			280.091,25	

5. Desviacións de financiación positivas do exercicio	434.369,17	
II. TOTAL AXUSTES (II=3+4-5)	1.431.593,56	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)		1.619.006,17

B) ESTADO REMANENTE DE TESOURERIA.

COMPOÑENTES	IMPORTES ANO	
1. Fondos líquidos		7.402.789,75
2. Dereitos pendentes de cobro		17.105,34
+ do orzamento corrente	0	
+ de orzamentos cerrados	110,40	
+ de operacións non orzamentarias	16.994,94	
3. Obrigas pendentes de pago		325.304,05
+ do orzamento corrente	3.073,47	
+ de orzamentos cerrados	0	
+ de operacións non orzamentarias	322.230,58	
4. Partidas pendentes de aplicación		-19.176,86
- cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	19.176,86	
+ pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0	
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)		7.075.414,18
II. Saldos de dubidoso cobro		0
III. Exceso de financiación afectada		28.455,28
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)		7.046.958,90

C) DEREITOS E OBRIGAS PENDENTES EXERCICIO 2019.

- Dereitos pendentes de cobro orzamento corrente..... 0 euros.
- Obrigas pendentes de pago orzamento corrente..... 325.304,05 euros.

D) REMANENTES DE CRÉDITO.

- Comprometidos.....1.957.468,78 euros.
- Non comprometidos..... 2.018.387,66 euros.

SEGUNDO.- Dar conta ó Pleno municipal desta liquidación correspondente ó exercicio de 2019 e que se remita copia da mesma á Administración do Estado - Ministerio de Economía y Hacienda, e a Comunidade Autónoma en consonancia co previsto no artigo 193.4 e 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En Bergondo, xoves 27 de febreiro de 2020: A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos”

O Pleno queda enterado.

11. DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL DO ANO 2019, AO ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE FACENDAS LOCAIS. EXPEDIENTE. 2020/X999/000062

Dáse conta aos/ás asistentes dos reparos sinalados neste punto da Orde do día, cuxa documentación foi remitida aos sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado

12. DACIÓN DE CONTA DO INCUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO, AO ABEIRO DO DISPOSTO NA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA EXPEDIENTE. 2020/X999/000062

Dáse conta ao Pleno municipal do incumprimento da regra de gasto, con motivo da liquidación do Orzamento de 2019, consonte co disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

O Pleno queda enterado.

13. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE CONTROL INTERNO AO ABEIRO DO ARTIGO 37 DO REAL DECRETO 424/2017, DO 28 DE ABRIL EXPEDIENTE. 2020/X999/000104

Dáse conta aos/ás asistentes do informe da Interventora municipal de control interno, emitido ao abeiro do disposto no artigo 37 do Rel decreto 424/2017, de 28d e abril, sinalado neste punto da Orde do día, cuxa documentación foi remitida aos sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

14. APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2020-2021. ACORDOS QUE PROCEDAN

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de maio de 2020, que transcrita literalmente di:

“O artigo 12 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LO 2/2012, en diante) establece no seu apartado primeiro que “1. La variación del gasto computable [...] de las Corporaciones Locales, no podrá superar la tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española.”, no apartado 2 do dito artigo aclárase o concepto de gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior recollendo determinados axustes no apartado 4 deste artigo 12.

O artigo 12.3 atribúe ao Ministerio de Economía y Competitividad calcular a “[...] tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española, de acuerdo con la metodología utilizada por la Comisión Europea en aplicación de su normativa”.

A taxa así descrita quedou establecida para o ano 2019 no 2,7%, segundo se acorda no Consejo de Ministros do 20 de julio de 2018, donde se establecen os Obxectivos de estabilidade 2019-2021 e límite de gasto non financiero do Estado para 2019.

Con ocasión da Liquidación do Orzamento correspondente ao ano 2019, aprobada por Resolución de Alcaldía 242/2020, de 27 de febreiro de 2020, a Intervención municipal emitiu informe de avaliación do cumprimento da regra de gasto, no cal se pon de manifesto que daquela Liquidación se produciu un incumprimento da Regra do Gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF, cun gasto computable total de 5.944.905,33 euros,

excedendo en 1.387.953,47 euros o límite computable máximo.

O artigo 21 da LO 2/2012 establece que en caso de incumprimento da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financieiro que permita o cumprimento da mesma no ano en curso e no seguinte, debendo ser presentado ao Pleno da Corporación para a súa aprobación no prazo dun mes dende que se constate o incumprimento.

En base ao anterior, esta Alcaldía formulou un Plan Económico-Financieiro asinado o 26 de marzo de 2020.

En base a todo o anterior, e visto o Informe da intervención municipal, presento ó Pleno da Corporación o Plan Económico Financieiro para o período 2020-2021 para a súa aprobación, formulando a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Económico Financieiro para o período 2020-2021, derivado do incumprimento da Regra do gasto regulada no artigo 12 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira con motivo da Liquidación do exercicio orzamentario 2019

SEGUNDO.- Proceder á publicación dun anuncio no BOP para a súa exposición pública durante un prazo de 15 días hábiles a efectos de presentación de reclamacións, transcorrido dito prazo sen a presentación das mesmas, queda automaticamente elevado a definitivo o presente acordo, segundo o disposto no artigo 23.4 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, en relación co artigo 169 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- Una vez aprobado definitivamente, publicarásese no BOP, o texto íntegro do Plan a efectos informativos, en cumprimento do artigo 26.1, do RD 1463/2007, de 2 de novembro.

CUARTO.- Proceder ó envío do mesmo ós órganos competentes da administración estatal e autonómica segundo proceda por esixencia da normativa reguladora da estabilidade orzamentaria.

Bergondo, na data que figura na marxe
A alcaldesa”

A Sra. Alcaldesa explica que o incumprimento da regra de gasto é o que motiva levar ao pleno un plan económico financeiro, a pesares de que Bergondo é un concello que cumpre co resto de magnitudes e atópase en boa disposición económico-financieira. O motivo deste incumprimento é facer uso dos remanentes de que dispón o concello a través de suplementos de crédito. A lei permite e aconsella facer un plan económico financeiro sen medidas, e a parte positiva deste é o incremento do límite de gasto computable para os dous vindeiros exercizos xa que o plan é para 2020 e 2021. Sinala que segundo os informes de intervención e do propio plan, haberá que estar pendente do uso dos remanentes e dos suplementos de crédito. Ademais este plan foi enviado en modelo borrador á tutela de entidades locais da Xunta e conta coa súa aprobación xa que se seguiron as súas directrices. Neste caso non haberá medidas e haberá que controlar o uso dos remanentes a través dos suplementos.

A Sra. voceira do PP pregunta si este incumprimento da regra de gasto non se podía ter previsto; e suxire que hai outras fórmulas para non utilizar os remantes, como incrementando os ingresos do concello. Manifesta que o seu voto será abstención.

A Sra. Alcaldesa responde que non se pode adiantar si a regra de gasto se vai cumprir ou non, xa que o motivo é o uso dos remanentes. E os ingresos xa se incrementaron en máis dun millón de euros a través de subvencións do IDAE. Engade que os recursos do concello deberán utilizarse con sentido.

O Sr. Voceiro do grupo mixto amósase favorable á utilización dos remanentes na medida en que se lle permita ao concello e indica que o seu voto vai ser favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total nove (9) votos a favor, e tres (3) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

15. APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORZAMENTO 2020 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1_SC. ACORDOS QUE PROCEDAN

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de maio de 2020, que transcrita literalmente di:

*“Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2020, mediante a forma de **suplemento de crédito**, por importe total de 333.689,49 euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ó VI correspondente a gastos de inversión e tendo en conta o establecido na documentación obrante no expediente, e previo Informe da Intervención Municipal, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por aplicacións orzamentarias xunto coa súa financiación.*

Con respecto á suspensión dos prazos administrativos a Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece o seguinte:

- “1.- Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.*
- 2.- La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*
- 3.- No obstante lo anterior, el órgano competente podrá acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo.*
- 4.- Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios (...)*”

*Pero a citada Disp. Adic. 3ª RD 463/2020 ha sido modificada por el RD 465/2020, de 17 de marzo, quedando o apartado 4º coa seguinte redacción: **“Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del***

interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.”

Coa tramitación deste expediente trata de garantirse a protección do interés xeral, por unha cuestión de seguridade pública, e a continuación do funcionamento básico dos servizos, dado que o proxecto de renovación da iluminación pública está subvencionado polo IDAE con fondos europeos FEDER, o que traducirase nun importante aforro enerxético e prevención da contaminación para o concello, ademáis do interese en reactivar a contratación pública municipal.

Esta alcaldía, ademáis, segue a interpretación efectuada pola Secretaría General de Financiación Autonómica y Local, que considera que o disposto na Disp. Adic. 3ª RD 463/2020, os termos que se suspenden e os prazos que se interrompen dos procedementos administrativos en curso son os que están regulados de forma directa ou indirecta pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e os prazos que se suspenden o son para a tramitación dos procedementos administrativos, que se encontran nese ámbito. Ao ser unha medida excepcional non pode ser obxecto de aplicación extensiva. Engade que o procedemento de elaboración e aprobación dos presupostos ou as súas modificacións non é un procedemento administrativo común, senón un procedemento específico que regula o Texto refundido da Lei das fecendas locais.

Polo que podemos entender motivadamente que os prazos deste expediente non quedan suspendidos; e na súa consecuencia, propónse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Tramitar este expediente para garantir a protección do interés xeral, por unha cuestión de seguridade pública, e a continuación do funcionamento básico dos servizos, dado que o proxecto de renovación da iluminación pública está subvencionado polo IDAE con fondos europeos FEDER, o que traducirase nun importante aforro enerxético e prevención da contaminación para o concello, ademáis do interese en reactivar a contratación pública municipal, ao abeiro do disposto no punto 4º da Disposición Adicional 3ª RD 463/2020.

SEGUNDO. Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito, por importe total de 333.689,49 euros, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación e polo importe reflectido:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Capítulo VI: Inversións reais:

Aplicación orzamentaria	Concepto orzamentario.	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Incremento	Consignación Definitiva tras esta modificación
342/632.00	Inversións de reposición edificios deportivos	20.000,00	629,20	34.343,35	54.972,55
165/619.00	Inversión de reposición alumeadado público	61.272,65	889.961,05	299.346,14	1.250.579,84
	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	81.272,65	890.590,25	333.689,49	1.305.552,39

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 333.689,49 euros

O financiamento desta modificación de crédito proposta realizarase con cargo a:

Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:

20 (35)

PL 28/05/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

Remanente líquido de Tesourería a esta data:	5.545.699,93 euros
Remanente empregado noutras modificacións (incorporación de remanentes):	1.501.258,97 euros
Superávit orzamentario:	113.930,16 euros
Cantidade que se precisa utilizar neste expediente:	333.689,49 euros
Diferencia, cantidade de Remanente sobranste:	5.212.010,44 euros
Remanente empregado por enriba do superávit:	1.721.018,30 euros
Remanente total empregado en modificacións:	1.834.948,46 euros

Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2020 queda como segue:

Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto

Capítulo	Consignación inicial	Modificacións anteriores	Aumento	Disminuc.	Consignación definitiva
1.- Gastos de persoal	2.125.062,03	7.431,53	0,00	0,00	2.132.493,56
2.- Gastos bens correntes e servic.	3.423.441,44	420.625,22	0,00	0,00	3.844.066,66
3.- Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4.- Transferencias correntes	275.011,99	635,67	0,00	0,00	275.647,66
6.- Inversións reais	822.795,34	2.380.501,30	333.689,49	0,00	3.536.986,13
7.- Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8.- Activos financeiros	22.000,00	0,00	0,00	0,00	22.000,00
9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAIS	6.668.310,80	2.809.193,72	333.689,49	0,00	9.811.194,01

TERCEIRO. Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó público durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Sede electrónica do Concello de Bergondo.

CUARTO. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Sede electrónica do Concello de Bergondo.

QUINTO. Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, na data que figura na marxe

A Alcaldesa. Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

A Sra. alcaldesa indica que é o primeiro suplemento de crédito que se leva ao pleno para dúas actuacións:

-O arranxo do peche das pistas en Fiobre e Ouces, que non se puideron executar no exercicio 2019 ao faltar una autorización que se demorou por ter que ir a exposición pública.

-A parte que corresponde aportar ao concello na subvención que outorga o IDAE, concedida no mes de decembro, pero que non se puido consignar no orzamento 2020. Unha vez que se acheguen os proxectos e as autorizacións necesarias, comezarse coa licitación o antes posible.

O Sr. Voceiro do grupo mixto reitera que se amosa favorable á utilización do remanente na medida do posible.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total nove (9) votos a favor e tres (3) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

16. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 1/2020. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE: 2019/A008/000041

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de maio de 2020, que transcrita literalmente di:

“Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020, de outubro de 2019, na que comunicábase a asignación do POS+ 2020 ao Concello de Bergondo por un importe total de 366.358,92 euros, e así mesmo, as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm. 208 do 31.10.2019.

Tendo en conta que polo Pleno municipal, en sesión extraordinaria do dezaioito de decembro de dous mil dezanove, acordouse, entre outros, participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade.

Vistas as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, publicadas no BOP núm. 66, do 5 de maio de 2020.

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña sobre a aprobación da modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020, de abril de 2020, relativa ao Pos + Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, na que se comunica unha asignación do Pos + Adicional 1/2020 ao Concello de Bergondo por importe de 31.047,37 euros.

De acordo co anterior, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2020” da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo á parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 da deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	31.047,37 euros
---	------------------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 <i>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</i>	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
f) Adquisición de medios de prevención (EPI).	15.000 €		15.000€
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	16.047,37 €		16.047,37 €
T O T A L	31.047,37 €		31.047,37 €

Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Bergondo, 14 de maio de 2020

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”

A Sra. alcaldesa indica que o Plan Único da Deputación é un plan vivo ao cal se lle poden ir incrementando ou engadindo diferentes contías ao longo do ano. No pleno da Deputación do mes de abril aprobouse que as cantidades asignadas aos concellos neste exercicio serán en dúas modalidades: unha delas é a que se vai tratar no punto seguinte deste pleno. E a outra é para gastos sociais e extraordinarios derivados do Covid-19. No caso de Bergondo son 31.000 euros e a proposta vai ser 16.000 euros para a partida de emerxencia social (que xa viña sendo bastante ampla) e 15.000 euros para adquisición de equipos de protección individual (epis). Isto supón un incremento de recursos na caixa municipal que logo haberá que xustificar debidamente.

A Sra. voceira do PP resalta que non se trata dun importe moi grande por parte da Deputación, pero espera que haxa máis aportacións do plan único por parte da dita administración.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total doce (12) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

17. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE

COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2020. ACORDOS QUE PROCEDAN

EXPEDIENTE: 2019/A008/000041

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de maio de 2020, que transcrita literalmente di:

“Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020, de outubro de 2019, na que comunicábase a asignación do POS+ 2020 ao Concello de Bergondo por un importe total de 366.358,92 euros, e así mesmo, as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm. 208 do 31.10.2019.

Tendo en conta que polo Pleno municipal, en sesión extraordinaria do dezoito de decembro de dous mil dezanove, acordouse, entre outros, participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúe o investimento financeiramente sostible de Mellora de camiños con aglomerado asfáltico ou rega asfáltica nas parroquias de Cortiñán, Vixoi, Guísamo, Bergondo, Rois, Santa Marta de Babío, Lubre, Ouces e Moruxo (Concello de Bergondo), cun importe de 839.245,77 euros, ive incluído.

Vistas as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, publicadas no BOP núm. 66, do 5 de maio de 2020.

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña sobre a aprobación da modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020, relativa ao Pos + Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, na que se comunica unha asignación do Pos + Adicional 2/2020 ao Concello de Bergondo por importe de 116.427,62 euros.

De acordo co anterior, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción da seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro.- *Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	----

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de camiños con aglomerado asfáltico ou rega asfáltica nas parroquias de Cortiñán, Vixoi, Guísamo, Bergondo, Rois, Santa Marta de	116.427,62 €	722.818,15 €	839.245,77 €

Babío, Lubre, Ouces e Moruxo (Concello de Bergondo)			
TOTAL	116.427,62 €	722.818,15 €	839.245,77 €

O proxecto de Mellora de camiños con aglomerado asfáltico ou rega asfáltica nas parroquias de Cortiñán, Vixoi, Guísamo, Bergondo, Rois, Santa Marta de Babío, Lubre, Ouces e Moruxo (Concello de Bergondo), incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020, foi aprobado polo Pleno municipal en sesión extraordinaria do dezaioito de decembro de dous mil dezanove.

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
-----	-----	-----	-----
TOTAL	-----	-----	-----

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	---		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
Mellora de camiños con aglomerado asfáltico ou rega asfáltica nas parroquias de Cortiñán, Vixoi, Guísamo, Bergondo, Rois, Santa Marta de Babío, Lubre, Ouces e Moruxo (Concello de Bergondo)	116.427,62 €	722.818,15 €	839.245,77 €
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	---	---	---
TOTAL	116.427,62 €	722.818,15 €	839.245,77 €

Segundo.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos e está en trámite de resolver todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente son necesarias.

Terceiro.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020.

Cuarto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Quinto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

Sexto.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Bergondo, 13 de maio de 2020

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”

A Sra. alcaldesa lembra o carácter deste plan único, vivo, a través do cal vanse dotando de contías para facer fronte ás obras que están propostas. Explica que a circular ofrecía a posibilidade de ter cambiado de proxecto e presentar outro diferente. Neste caso os 116.000 euros vanse asignar ao mesmo proxecto previsto, que é moi amplo e espera que se reciba algún outro fondo por parte de Deputación para que a achega municipal sexa menor no momento da contratación.

A Sra. voceira do PP resalta que lle parece unha cantidade pequena e espera que se poida diminuir a aportación municipal.

O Sr. Voceiro do grupo mixto parécelle ben destinar eses fondos a este proxecto que xa está aprobado, pero indica que o seu voto vai ser a abstención.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: unha (1) abstención. Total oito (8) votos a favor, e catro (4) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

18. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE SEGURIDADE VIARIA NA DP-0810 SAN PAIO-GUÍSAMO

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de maio de 2020, que transcrita literalmente di:

“David Carro Temprano, con DNI 47366222-E, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propon ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre “Seguridade viaria na DP0810 San Paio - Guísamo”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai máis de 15 anos que a veciñanza de San Paio, na parroquia de Guísamo, comezou coas súas reivindicacións de maior seguridade viaria na estrada DP0810 que atravesa o lugar.

Tres anos despois a Deputación Provincial da Coruña levaba a cabo unha primeira fase de ampliación e mellora na zona (ensanchamento da calzada, beirarúas ...), logo de ter que paralizar o proxecto inicial, máis completo, pola presentación por parte do propietario da finca coñecida como “Valdeameno” ou “Villa Julia” dun contencioso administrativo, deixando o tramo máis complexo para unha segunda intervención, condicionada polo proceso xudicial aberto.

A día de hoxe a segunda fase segue pendente por unha contradición patrimonial. O propietario da casona conta con informes de Patrimonio que catalogan todo o perímetro como ben protexido, incluíndo no mesmo o xardín e o peche da parcela. Sen embargo, veciñanza da zona e dende o propio Concello de Bergondo teñen demostrado como o peche data dos anos 90, polo que non tería ningún tipo de valor patrimonial. En todo caso, entendemos que é máis importante a seguridade das persoas, dos nosos veciños e veciñas e dos centos de conductores que circulan a diario por esta estrada polo que nos facemos a seguinte pregunta, ¿se para ampliar o aeroporto de Alvedro se moveu un pazo pedra a pedra, porque aquí non se permite mover un muro de pedra en caso de que este conte con algún valor?.

Recentemente produciase nesta zona un accidente que se cobrou unha vida e fixo saltar as alarmas de todas e todas. A veciñanza da zona mostrou a súa indignación programando varios actos de protesta en busca de solucións. Toda a Corporación secundou estas protestas coa súa presenza e o Concello de Bergondo comprometeuse a mediar coas Administracións implicadas, mais entendemos que con un acordo que agardamos sexa unánime se poida facer máis forza.

Polo exposto anteriormente, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- *Mostrar o apoio da Corporación Municipal de Bergondo as demandas de maior seguridade viaria na estrada DP0810 ao seu paso por San Paio (Guísamo), trasladar este acordo ás Administracións Públicas e implicadas. Solicitámoslle á Xunta de Galiza a que propoña unha alternativa viábel para que a Deputación da Coruña poida executar a obra de xeito urxente garantindo deste xeito a seguridade viaria nesta estrada.*

2.- *Facultar á Alcaldía e concelleira/o en quen delegue a tomar cantas medidas sexan necesarias para cumprir este acordo.*

Bergondo, 18 de maio de 2020”

O Sr. voceiro do grupo mixto recalca, tras dar lectura á moción presentada, que se trata de deixar constancia desde a corporación das demandas da veciñanza, coa intención de unir forzas para conseguilo.

A Sra. Alcaldesa indica que non é a primeira moción de apoio a este proxecto ou reclamación que se ten feito á Deputación para esixir esas melloras. Hai unha proposta que parece viable na que xa se está traballando. Trátase dun tema suficientemente importante e hai que seguir mobilizándose para acadar unha solución que habilite o paso e redunde na seguridade viaria dos peóns.

A Sra. voceira do PP sinala que lle parece interesante que se avance neste sentido, no que hai varias administracións involucradas que deben traballar para que se resolva esta cuestión de interés xeral para todos os veciños.

O Sr. voceiro de AV xustifica o seu voto favorable xa que debe existir un apoio de toda a corporación para traballar todos na mesma liña.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese moción ditaminada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total doce (12) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** a moción que devén en acordo nos termos antes transcritos.

19. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de maio de 2020, que transcrita literalmente di:

27 (35)

PL 28/05/2020

“David Carro Temprano, con DNI 47366222-E, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propón ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre “Elaboración dun plan galego de reactivación económica”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da covid-19, vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Nesta situación é imprescindible facer políticas atrevidas, valentes e decididas que rachen coa dinámica de parcheo que o único que fai é sustentar o sistema e rebota os efectos da crise sobre os sectores máis desfavorecidos, sobre as clases populares. Os grandes beneficiados, se non o remediamos serán a banca e as grandes corporacións económicas.

Os concellos non teñen apenas competencias estruturais en materia económica e política fiscal. As decisións que se poidan adoptar para facer fronte á crise dende o ámbito local van depender das medidas lexislativas e executivas que se adopten polo Estado español e pola Xunta de Galiza.

Para que a administración local poida despreparar a súa capacidade de actuación nesta situación é fundamental a derogación da lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (lei Montoro), xa que esta lei recolle tres regras fiscais (estabilidade, regra de gasto e débeda) para priorizar o pago da débeda aos bancos.

Esta lei deriva da modificación do art. 135 da Constitución española en 2011. Sen a derogación desta norma as posibilidades de actuación das diferentes administracións veríanse moi minguadas.

Están a ser cada vez máis preocupantes as informacións en distintos medios de comunicación da intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos en actuacións da súa competencia. Esta decisión deixaría á administración local sen ningunha capacidade de acción.

Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social nacionais: claridade dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa (sen que dependa do concello no que residan) e exercicio responsábel das competencias de cada institución, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

*Para isto faise preciso a elaboración dun **plan galego de reactivación económica e social**, consensuado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Este proceso debe estar dirixido polo goberno galego e refrendado polo Parlamento Galego.*

A FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental, sen delegar na FEMP a representación dos concellos galegos. Os concellos galegos van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal.

*Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de **traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas**, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas directas, complementarias das de outras administracións, para que podan seguir a desenvolver a súa actividade. Debe haber unha **actuación urxente** do goberno galego a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.*

Polo exposto anteriormente, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar a Xunta de Galiza á iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais. Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.
2. Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas a autónomos e pemes que complemente as de outras administracións.
3. Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.
4. Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.

Bergondo, a 18 de maio 2020”

O Sr. voceiro do grupo mixto, tras dar lectura á moción, amósase a favor de que ao concello se lle permita utilizar todo o remanente nas inversións que estime oportunas. E ve necesario que a Xunta elabore un plan galego de reactivación de acordo con partidos, sindicatos, asociacións de empresarios e axentes sociais que se poidan ver implicados na reactivación da economía. Solicítase que este labor sexa consensado entre todos os axentes sociais. Engade que, respecto das axudas dos autónomos, Galicia é unha das comunidades que quedan sin este tipo de axudas.

A Sra. alcaldesa manifesta que hai puntos nesta moción nos que está de acordo e que xa están solicitados. A Xunta de Galicia xa está a traballar neles, ao igual que o Estado. Defende o municipalismo e está a favor dos acordos da FEMP. Por outro lado indica que no DOG publícanse axudas case a diario, aínda que nunca van a ser suficientes e todas as administracións se terían que involucrar nestas axudas.

A Sra. voceira do PP indica que non está de acordo con esas premisas, dado que a Xunta está incrementando as axudas ao aluguer, ás familias dos nenos que non poden acudir á gardería... Engade que hai un esforzo por parte da Xunta, non se lle pode esixir moito máis do que xa está facendo, hai que ser coherentes.

O Sr. voceiro de AV alude ao punto 3 da moción relativa a derogación ou modulación das medidas tan estritas e severas que impuxo a lei Montoro. Manifesta o seu desacordo con que se poida chegar a unha situación de incautación ou bloqueo de fondos municipais. Amósase escéptico cos esforzos da FEGAMP, da FEMP e da Xunta de Galicia e considera que sobre todo nos dous primeiros non se abordan os temas de calado como este que nos ocupa. Por iso lles convence esta moción.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción ditaminada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total tres (3) votos a favor e nove (9) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

20. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBIERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A AUTONOMÍA DAS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DOS SEUS RECURSOS

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 21 de maio de 2020, que transcrita literalmente di:

“El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Bergondo conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales de Bergondo desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El artículo 137 de la Constitución Española señala que "el Estado se organiza territorialmente en municipios, en provincias y en las Comunidades Autónomas que se constituyan. Todas estas entidades gozan de autonomía para la gestión de sus respectivos intereses".

Por otro lado, nuestra Carta Magna en su artículo 142 establece que "las Haciendas locales deberán disponer de los medios suficientes para el desempeño de las funciones que la ley atribuye a las Corporaciones respectivas y se nutrirán fundamentalmente de tributos propios y de participación en los del Estado y de las Comunidades Autónomas".

Estos principios constitucionales se han desarrollado a través de diversas leyes que garantizan, por un lado, la autonomía local y, por otro, que las entidades locales cuenten con los recursos suficientes para atender las necesidades de sus vecinos.

De esta forma, la Ley Reguladora de las Bases del Régimen Local (LRBRL) establece que “para la efectividad de la autonomía garantizada constitucionalmente a las entidades locales, la legislación del Estado (...) deberá asegurar a los Municipios, las Provincias y las Islas su derecho a intervenir en cuantos asuntos afecten directamente al círculo de sus intereses” y que “el gobierno y la administración municipal (...) corresponde al ayuntamiento, integrado por el Alcalde y los Concejales” (Art. 2 y 19 de LRBRL).

Esta Ley, instrumento fundamental en las definición de las competencias y obligaciones de las entidades locales, señala además que “la cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración local y las Administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o los convenios administrativos que suscriban” (Art. 57.1 LRBRL).

Por último cabe señalar, que la LRBRL establece en su artículo 105 que “se dotará a las Haciendas locales de recursos suficientes para el cumplimiento de los fines de las entidades locales” y que dichas haciendas locales “se nutren, además de tributos propios y de las participaciones reconocidas en los del Estado y en los de las Comunidades Autónomas, de aquellos otros recursos que prevea la Ley”.

Se hace necesario recordar todas las leyes que protegen la autonomía, organizativa y de gestión de sus recursos, de las entidades locales, así como las diferentes fuentes de financiación de las mismas, por varios motivos:

1- El Gobierno de España con un absoluto desprecio hacía nuestra Constitución y las leyes que regulan la organización, competencias y la Hacienda de las entidades locales ha negado injustificadamente el pago a las EELL del IVA correspondiente al mes de diciembre de 2017.

2- El gobierno de España está estudiando “confiscar” el superávit generado en 2019 por las EE.LL. (5.000 millones de euros) así como los recursos que las mismas tienen en entidades bancarias (28.000 millones de euros) como consecuencia de haber generado superávits desde el año 2012, según pudimos conocer por una noticia publicada en el "Diario de las Palmas, 28/03/2020.

Información que se ve ratificada por las declaraciones realizadas por la Ministra de Hacienda el 30 de abril en el Congreso de los Diputados, en las que hizo alusión a la posibilidad de llegar a un acuerdo con la FEMP para que la utilización del superávit municipal se pueda emplear para "cubrir aquellos que el resto de administraciones no puedan llegar, de manera que entre todos podamos actuar sinérgicamente sobre el ciudadano único o sobre la empresa pública".

Hay que señalar que la generación de dichos superávits no se debe solamente a la aplicación de la Ley Orgánica de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera (LOEPSF) puesto que esta ley “vincula a todos los poderes públicos (Administración General del Estado, Comunidades Autónomas, Corporaciones Locales y Seguridad Social)” (Art. 1 y 2 de la LOEPSF)” pero solo las corporaciones locales, gracias a una gestión eficiente y rigurosa de sus recursos, han sido capaces de generar de manera recurrente un saldo positivo en sus cuentas públicas al cierre de cada ejercicio presupuestario ayudando a que nuestro país pudiese cumplir con los objetivos de déficit público establecidos por la Unión Europea.

Estos superávits, tal y como recoge el artículo 32 de la LOEPSF, se han destinado a reducir el nivel de endeudamiento de las entidades locales, a la ejecución de inversiones financieramente sostenibles que revierten en beneficio de los vecinos y, en muchos casos, a seguir generando ahorros para poder conjugar la prestación de servicios públicos de calidad a los vecinos con una fiscalidad baja sin hipotecar a las generaciones futuras.

Desde hace varios años, las entidades locales han venido reclamando al gobierno central una mayor flexibilidad para poder aplicar los superávits generados pero siempre respetando la autonomía local consagrada en nuestra Carta Magna y en las leyes.

Las entidades locales constituyen la administración más cercana al ciudadano y han mostrado siempre su solidaridad con el resto de las administraciones españolas al asumir competencias impropias sin recibir, en muchos casos, la financiación adecuada de Comunidades Autónomas y del Estado para ejercerlas lo que ha provocado que hayan tenido que destinar recursos propios, recursos de todos sus vecinos, a mantener las mismas.

Además, en esta crisis sanitaria, social y económica, derivada de la pandemia provocada por el COVID-19 han sido los primeros en implementar medidas para contener la expansión del virus y de apoyo a la población más vulnerable (mayores, enfermos, etc.) por ejemplo, ampliando los servicios de ayuda a domicilio. También han ido por delante en la conversión de muchos servicios públicos de modalidad presencial a telemática para que sus vecinos pudieran seguir disfrutando de espectáculos culturales, cursos de formación, etc.

Pero las entidades locales no pueden ser la tabla de salvación para un gobierno que, desde junio de 2018, ha sido incapaz de aprobar unos Presupuestos Generales del Estado, ha estado más pendiente de la propaganda que de la gestión seria y rigurosa de los recursos de todos los españoles, que ha negado a Corporaciones Locales y las Comunidades Autónomas los ingresos que les corresponden por ley (IVA de diciembre de 2017 impagado) y que ha conseguido el gran "logro" de incrementar el déficit público español por primera vez desde 2012.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Bergondo presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO

Instar al gobierno de España a:

- 1. No utilizar los poderes excepcionales que le confiere el estado de alarma, ni otros subterfugios legales, para apropiarse de los ahorros de las EE.LL vulnerando preceptos constitucionales y leyes en vigor puesto que, como indica el artículo 29 de la Ley del Gobierno, está sujeto a la Constitución y al resto del ordenamiento jurídico en toda su actuación.*
- 2. Respetar y garantizar la autonomía que la Constitución Española y las leyes otorgan a las entidades locales para la gestión de sus recursos, para la gestión del dinero público que es de todos y cada uno de los españoles, no de un gobierno en concreto.*
- 3. Flexibilizar las reglas para que las entidades locales pueda utilizar sus superávits para implementar aquellos servicios y medidas que permitan actuar contra la pandemia, siempre en coordinación con las Comunidades Autónomas y el Estado.*
- 4. que si se plantea modificar alguna de las leyes que afectan a la autonomía, hacienda o estabilidad financiera de las entidades locales valide dichas modificaciones en el Congreso de los Diputados, ante los legítimos representantes de todos los españoles, dado que la declaración del estado de alarma no interrumpe el normal funcionamiento de los poderes del Estado (Art. 1.4 de la Ley 4/1981, de 1 de junio, de los estados de alarma excepción y sitio).*
- 5. cumplir lo acordado por la FEMP y el Gobierno de España en la reunión de 20 de abril de 2020 en la que estuvo presente el Presidente del Gobierno y en la que se acordó que no se planteasen cambios en el Congreso sin estar previamente consensuados con las EE.LL.*

Dar traslado de este acuerdo al Presidente del Gobierno, a la Ministra de Hacienda, a la Ministra de Política Territorial y Función Pública, a los Portavoces de Grupos Políticos del Congreso, Senado y de las Cortes y a la Junta de Gobierno de la FEMP.

En Bergondo, a 21 de Mayo 2020.

Francisco Manuel Fafián Torreiro

PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL/ POPULAR de Bergondo.”

A Sra. voceira do PP, tras dar lectura á moción, recalca o rexeitamento á incautación que se puidera levar a cabo, pero polo de agora non está aprobada. Di que estamos nun estado no que interesa que a poboación estea tranquila na súa casa e habería que revisar moitas das actuacións que se están levando a cabo baixo a figura do estado de alarma. Propón que non se utilicen estos estados excepcionais para tomar decisións unilaterais e que se respete a autonomía das entidades locais e que se flexibilice a lei Montoro (que antes desta situación merecía unha revisión). A idea da moción é unha crítica ao goberno da nación.

A Sra. alcaldesa indica que non está de acordo co argumentario da moción e que esta non é a primeira vez que se fala da incautación dos remanentes. Desde a FEMP faise presión nese tema, reclamando unha flexibilización ao Estado e tamén a Xunta, no reparto do Fondo de Cooperación Local. Alude ao acordo da xunta de goberno da FEMP do pasado 22 de maio para implementar varias liñas de actuación, e unha delas é facilitar o uso íntegro dos remanentes de tesorería por parte das entidades locais e esixir un segundo piar con tres fondos:

- Un fondo financeiro, que pode ser destinado á recuperación tanto social como económica.
- Un fondo para o sostenemento do transporte colectivo urbano.

- Un fondo para a colaboración das entidades locais na xestión do ingreso mínimo vital.

A través dunha modificación da Lei de Bases que nos permitira utilizar eses fondos e asumir competencias que a día de hoxe non se permite sería beneficioso para a veciñanza de Bergondo. Conclúe que non está de acordo con esta moción pero sí se manifesta en contra da incautación, de que os orzamentos nin os remanentes municipais os xestionen outras entidades.

O Sr. voceiro do grupo mixto di alegrarse de que varios anos despois se creara esta moción por un goberno do seu partido se deran conta de que igual non estaba de todo ben. Indica estar de acordo no contido pero non tanto nas formas (cita déficit público, estado alarma...); o seu voto será abstención.

O Sr. voceiro de AV manifesta crer na FEGAMP e na FEMP, pero non lle ve o empuxe suficiente nestas cuestións, botando en falta a visibilización de resultados no impulso da referida cuestión. Non está de acordo con bloqueos nin incautacións, pero sí de acordo coa flexibilización da lei Montoro (este último extremo que non se menciona na moción). Parécelle unha moción moi política, de clara oposición e que non contén factores construtivos. O seu voto vai ser en contra.

A Sra. voceira do PP aclara que nunca o partido popular vai recoñecer que o Sr. Montoro se equivocara cando propuxo esta lei, senón que fixo cousas positivas polo país e sacouno dunha situación moi complicada.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción ditaminada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos en contra; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total tres (3) votos a favor e nove (9) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos** en contra a moción antes transcrita.

21 . DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A continuación, pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no artigo 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 25 de xaneiro de 2020 ao 23 de maio de 2020, ámbolos dous incluídos, numerados do 89/2020 do 27 de xaneiro ao 641/2020 do 23 de maio de 2020.

O Pleno queda enterado.

22. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentan.

23. ROGOS E PREGUNTAS

A continuación pola Sra. Alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para os rogos e preguntas.

Os rogos e preguntas presentadas polo grupo mixto a través da Sede Electrónica do Concello, o día 26 de maio, núm. Entrada: 202099900000992, foron as seguintes:

1.- Fai poucos días saía a licitación a limpeza viaria nas parroquias de Ouces e Lubre. ¿Cando teñen previsto

sacar a concurso a praza de conductor vacante por xubilación?

2.- A comezos de febreiro, en resposta escrita a petición de varios bacheos en distintas partes do concello, o Goberno Municipal indicounos que tiña previsto realizar un bacheo xeral. Logo do retraso producido polo estado de alarma, ¿teñen algunha previsión para comezar a realizar estes traballos?

3.- En relación cos cursos formativos previstos para este 2020, ¿prevese algunha reorganización dos mesmos motivada polo confinamento?

ROGO. Se acondicionen os parques infantís, con previsión da súa futura reapertura cara ao verán, xa que, cando menos algúns como o de Guísamo (detrás do Centro de Saúde), o de Covas, ou o de Fiobre presentan desperfectos.

Os rogos e preguntas presentadas polo grupo do Partido Popular a través do Sistema de Interconexión de Rexistros, o día 27 de maio, núm. Entrada: 202090000000345, foron as seguintes:

1.- Tras el paso a Fase 1 ¿cuándo volveremos a disponer de los parques limpios, así como los cómaros que hacen intransitables nuestras carreteras y bacheados algunos fochancos?.

2.- ¿Por qué se usa personal voluntario de PC en los trabajos diarios necesarios con el camión municipal?

3.- ¿Cuál es el motivo de que personal ajeno a los servicios municipales ejerza el uso diario del tractor municipal, aún más cuando no está adaptado a la minusvalía del conductor? ¿Qué tipo de contrato tiene?.

4.- Durante la pandemia, ¿se nota el incremento de usuarios en servicios sociales tanto en asistencia como en dependencia?

5.- ¿Se restableció el servicio de reparto de alimentos de Cruz Roja? Le rogamos revisen el lugar donde se almacenan por si es posible mejorarlo o, en su defecto sea, Cruz Roja Betanzos quien se haga responsable del reparto de estas dotaciones al igual que hace para otros ayuntamientos.

6.- Al igual que se avisa de las conexiones de saneamiento, demandamos una planificación previa y pública de los asfaltados que se va a realizar en las diferentes parroquias y no el mismo día como se está haciendo. ¿Por qué no se avisa a los vecinos de las obras?

7.- ¿En qué fase se encuentra el Inventario de caminos?

8.- ¿Cómo va el avance del Plan General?

9.- ¿Hay algún avance de las obras de saneamiento en Vixoi?

10.- ¿Algún avance en la previsión de inicio de las obras de saneamiento en Lubre?.

11.- ¿Tienen ya todos los bombeos, ubicados en la red de saneamiento en uso, energía eléctrica o seguimos retirándolos de forma periódica? ¿Alguna previsión?.

12.- ¿Cuándo tienen prevista la limpieza de fincas municipales?.

13.- ¿Hay algún avance de las obras en la rotonda de Guísamo?.

14.- ¿Cuándo tienen pensado ejecutar la obra de contención de taludes del Regueiro?

- 15.- ¿Se está revisando el correcto funcionamiento de las depuradoras en Bergondo?, ¿se modificaron parámetros para el tratamiento de aguas tras la enfermedad Covid-19?.
- 16.- ¿Cómo va el proceso de regularización y adaptación a normativa los cementerios? ¿Se tiene pensado ampliar alguno?.
- 17.- ¿Se va a dotar a los locales sociales de elementos higiénicos como hidrogel y desinfecciones más continuas?
- 18.- ¿Existe algún tipo de planificación para las playas del municipio para este verano por causa de la enfermedad Covid-19?
- 19.- En el parking de El Pedrido, sitio habitual de parada de caravanas ¿se va a proceder recomendar la delimitación de separación de las mismas?.
- 20.- Ante la inminencia de la apertura del culto en las parroquias, ¿podrían adecentar delante de las Iglesias?.

Esta acta foi gravada con video e audio. Consta no expediente do TEDEC 2020/G010/000003 o video en formato mp4, que está dispoñible no seguinte enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=oY9zScCzxAA&feature=youtu.be>. A pegada dixital desta gravación de video é a seguinte:

655EEB067ED6A4F887C984A8268C2E2223AA94CB748CAE8DEBDF6553B10393CE

Consta tamén no expediente TEDeC indicado a gravación de audio en formato mp3. A pegada dixital da gravación de audio é a seguinte:

97E8D6DDF108E9D4B5B8FE80AFF5C479A1B44AF15D03E0D8B518B9BDD004C20

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte horas e vinte e dous minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura dixital da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria
Ana M^a Cacharrón Castelos

V^o. e Pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez